



Anuncio de convocatoria para a elección de xuíz/a de paz titular do Concello de Vimianzo

Co fin de proceder á elección de xuíz/a de paz titular deste municipio, en cumprimento do establecido na Lei orgánica 6/1985, de 1 de xullo, do poder xudicial, ábrese a seguinte convocatoria:

1. Obxecto da convocatoria: Elección de xuíz/a de paz titular do Concello de Vimianzo.
2. Prazo de presentación de solicitudes: Quince días naturais contados a partir da publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia, nun dos xornais de maior circulación da provincia, taboleiro de anuncios e páxina web. O prazo comezará a contar dende a derradeira publicación.
3. Requisitos dos solicitantes:
 - a) Ser español/a.
 - b) Ter dezoito anos de idade.
 - c) Non ter acadada a idade de xubilación na carreira xudicial.
 - d) Declaración xurada de non estar incapacitado/a para o exercicio da carreira xudicial.
 - e) Declaración xurada de non estar incurso en causa de incompatibilidade e no suposto de estar incurso, coa excepción de actividades profesionais e mercantís, compromiso de optar polo posto de xuíz de paz titular do Concello de Vimianzo.
4. Documentación: As solicitudes dirixiranse ao Alcalde-Presidente do Concello e estarán acompañadas da seguinte documentación, que terá carácter de orixinal ou copia compulsada:
 - Fotocopia do DNI.
 - Partida de nacemento.
 - Certificado do Rexistro Central de penados e rebeldes.
 - Declaracións xuradas ás que se fai referencia no punto anterior.
 - Relación e documentación acreditativa dos méritos alegados.

O que se fai público para xeral coñecemento.

O que asino en Vimianzo

O alcalde

Asdo. Manuel Antelo Pazos